

PUBLICACIÓN RESULTADO PROCESO SELECTIVO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, BIBLIOTECARIO/A (RESPONSABLE DO ARQUIVO) POR OPOSICIÓN LIBRE

O Tribunal acorda publicar a suma dos resultados obtidos nos dous exercicios, co seguinte detalle:

Nº	NOME	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
1	CEA GARCÍA CATARINJA	22,8	42	64,8
2	SÁNCHEZ MARTÍNEZ PABLO	30,8	52	82,8
3	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ ANA	22,8	52	74,8
4	PAZ VIGO NORMA MARÍA	20,4	46	66,4
5	PACÍN MIGUELEZ LETICIA	30	56	86
6	DOMÍNGUEZ OUBIÑA JAVIER	23,6	56	79,6
7	ARIAS MÁS BORJA	20,8	52	72,8

Por todo o anterior o Tribunal acorda elevar á Alcaldía á vista dos aspirantes que obtiveron maior puntuación e propor o nomeamento de Leticia Pacín Miguélez, como funcionaria de carreira do posto e praza de Bibliotecaria responsable arquivo.

Ó abeiro da base 13 do proceso selectivo:

1.- Dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel en que se publique a relación de aprobados/as, o/a aspirante proposto/a, deberá presentar ou remitir á Unidade de recursos Humanos do Concello de Monforte de Lemos, por algún dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

a.- Copia auténtica ou fotocopia (que deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte ou documento equivalente.

b.- Copia auténtica ou fotocopia (que deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) da titulación esixida, ou documento equivalente.

c.- Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso á Escala de Administración Especial de funcionarios/as da Administración local. No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d.- Declaración responsable de non desempeñar outro posto na Administración do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin desenvolver actividades profesionais privadas, salvo as excepcións previstas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

e.- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade ou defecto físico que impidan o exercicio das correspondentes funcións.

2.- Se dentro do prazo fixado o/a candidato/a proposto/a, non presentase a documentación requirida, salvo casos de forza maior, ou do exame da mesma se deduce que carece dalgún dos requisitos esixidos na base 4, decaerá no seu dereito a ser nomeado/a funcionario/a de carreira, dando lugar á invalidez das súas actuacións e á subseguinte nulidade dos actos do Tribunal de selección con respecto a este/a, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude.

3.- Quen tivese a condición de funcionario/a estará exento/a de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar un documento acreditativo do nomeamento como funcionario/a, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizos; neste caso, o/a interesado/a deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo o Concello solicialos electronicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de mediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto. Presumirase que esta consulta é autorizada polos/as interesados/as, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso, debendo, en ambos os casos, ser informados previamente dos seus dereitos en materia de protección de datos e de carácter persoal.

Excepcionalmente, se o Concello non puidese recadar os citados documentos, poderá solicitar novamente ao interesado/a a súa achega.

O Tribunal